



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 03 DE MARZO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:40 horas do día 03 de marzo de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 01-03-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

Dna. Susana García Alvarez.
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Alvaro Crespo Casal (asiste ao apartado 2a) e 3 a)).

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

ORDE DO DÍA:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión de 29-01-2016

Aprobase o contido da acta da Mesa de Contratación celebrada o 29-01-2016 cos votos a favor de Dna. Catalina Alfayate Rodríguez, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e D. David Regades Fernández e a abstención de Dna. Susana García Alvarez por non ter asistido a dita reunión.

b) Acta da sesión de 10-02-2016

Aprobase o contido da acta da Mesa de Contratación celebrada o 10-02-2016 cos votos a favor de Dna. Catalina Alfayate Rodríguez, Dna. Susana García Alvarez e D. David Regades Fernández e a abstención de D. Manuel Xosé Lorenzo Penela por non ter asistido a dita reunión.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:36	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A348-E5C5D6-B6222B-9CJCFE-U5VRDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Acta da sesión de 26-02-2016

Aprobase o contido da acta da Mesa de Contratación celebrada o 26-02-2016 cos votos a favor de Dna. Catalina Alfayate Rodríguez, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e Dna. Susana García Alvarez e a abstención de D. David Regades Fernández por non ter asistido a dita reunión, coas modificacións efectuadas nesta sesión

2.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440).

Faise entrega do informe de valoración dos criterios valorables mediante xuízo de valor asinado polo xefe da Area de Fomento o 23-02-2016 e o informe das técnicas de Riscos Laborais de 18-02-2016.

3-Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440).

Acétase o informe das técnicas de Riscos Laborais de 18-02-2016.

Non se acepta o informe de valoración dos criterios valorables mediante xuízo de valor asinado polo xefe da Area de Fomento o 23-02-2016, xa que nel propónse a clasificación de ofertas e aínda non se abriu o sobre C. Ademais deberá clarexarse ás exclusións técnicas aos diversos lotes.

4.- Propostas de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440).

Non se tratou este punto pois non se abriu aínda o sobre que contén a oferta económica.

5.- Proposta de adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal de Deportes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:36	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A348-E5C5D6-B6222B-9CJCFE-U5VRDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a subministración de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal de Deportes.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local celebrada o 08 de febreiro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 02 de febreiro de 2016 de “excluír da licitación a proposta presentada pola mercantil “OHL Servicios Ingesan, S.A.”, por ofertar como prezo máximo para o custo fixo por instalación para o mantemento con garantía total, un importe de 45.026,65 € o cal excede o limite fixado no apartado 3 das FEC do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal de Deportes. (expediente 3774-11).” no seguinte orde decrecente:

- 1.- Gas Natural Servicios SDG, S.A. 87,20 puntos.
- 2.- Veolia Servicios Norte SAU 86,65 puntos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:36	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A348-E5C5D6-B6222B-9CJCFE-U5VRDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Gas Natural Servicios SDG, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.000,00 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, Gas Natural Servicios SDG, S.A., o día 08 de febreiro de 2016, que presenta a documentación requirida en data 19 de febreiro, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 26 de febreiro de 2016 se lle requeriu que completara a mesma, circunstancia que fixo polo que a Mesa de Contratación celebrada o 03-03-2016, por unanimidade dos membros presentes, propuso ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSF).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por Gas Natural Servicios SDG, S.A.,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:36	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A348-E5C5D6-B6222B-9CJCFE-U5VRDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a Gas Natural Servicios SDG, S.A., o procedemento aberto aberto para a contratación da subministración de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal de Deportes, por un prezo de 240.706,10 euros, e os seguintes prezos unitarios relacionados

O valor porcentual de 21,54 como porcentaxe de desconto para o Prezo da enerxía térmica útil (€/kW·h) a facturar.

Un prezo máximo para o Custe fixo por instalación para o mantemento con garantía total o de 28.000 (euros ano) o cal atópese desglosado por instalación de acordo o seguinte cadro:

Instalación	Custes fixos	Garantía total (c/ive)
1.- Ximnasio do Carme	3,409.00 €	
2.- Piscina de Lavadores	3,409.00 €	
3.- Piscina de Travesas	3,409.00 €	
4.- Pavillón do Berbes	3,409.00 €	
5.- Piscina de Valadares	3,409.00 €	
6.- Piscina de Teis	3,409.00 €	
7.- Pavillón de Navia	4,348.00 €	
8.- Pavillón de Candean	3,176.00 €	
Total:		27,978.00 €

Un valor porcentual de 50 como porcentaxe de desconto para a aplicación da facturación da enerxía térmica producida polas instalacións solares térmicas de acordo coas condicións determinadas no PPTP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:36	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A348-E5C5D6-B6222B-9CJCFE-U5VRDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 10:05 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:36	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A348-E5C5D6-B6222B-9CJCFE-U5VRDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		